



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Listaxe provisional elevada a definitiva dunha praza de técnico/a de administración xeral. Promoción interna horizontal

ANUNCIO: LISTAXE PROVISIONAL ELEVADA A DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL POR PROMOCION INTERNA DO CONCELLO DE ARTEIXO

Segundo Resolución de Alcaldía nº 2463/2025 de 10 de setembro de 2025 apróbase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para cobertura dunha praza de persoal funcionario de carreira do posto de Técnico/a de Administración Xeral do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición, mediante promoción interna horizontal, así como queda elevada a presente listaxe a definitiva segundo o recollido na base 4ª das reguladoras. Así mesmo, queda aprobada a designación dos membros integrantes do Tribunal cualificador, de conformidade coa base 5ª das reguladoras, e determinación do lugar, hora e data de inicio do proceso:

ADMITIDOS/AS:

1. García Mollón, María Beatriz

EXCLUÍDOS/AS:

Ningún/ha

TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

- Presidenta: Dª. Cristina Garay Aguirre, Técnica de Persoal e RR.HH. do Concello de Arteixo (titular) e Dª. Dolores Otero Fernández, Xefa de Área de Obras e Servizos do Concello de Arteixo (suplente)
- Secretario: D. José María Vázquez Pita, Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e Dª. Eva María Montes Fernández, Técnica de Administración Electrónica do Concello de Arteixo (suplente)
- Vogais:
 - Dª. Sonia María Anido Gómez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Arteixo (titular) e D. Rodolfo Alonso García, Interventor do Concello de Arteixo (suplente)
 - D. Pablo Martín Fernández Castro, Xefe de Área de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Arteixo (titular) e D. Marcos Docampo Fraga, Coordinador Técnico de Deportes do Concello de Arteixo (suplente)
 - Dª. Eva Beatriz Esmorís Pérez, Técnica de Coordinación e Planificación do Concello de Arteixo (titular) e D. José Luis Varela Varela, Técnico de Medio Ambiente do Concello de Arteixo (suplente)

Convocatoria do lugar, data e hora: Convocar aos membros do Tribunal cualificador o vindeiro 8 de outubro de 2025 ás 09:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo para constitución do mesmo, realización da fase de concurso e preparación do primeiro exercicio da fase de oposición (exame práctico) e convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio o mesmo día ás 12:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo.

Arteixo, 11 de setembro de 2025

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

2025/6012